

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DUNHA AVALIACIÓN SOCIOECONÓMICA DO “PLAN COMO NA CASA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, **DECLARA:**

Que esta consellería de Política Social ten previsto formalizar coa **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** o convenio de colaboración arriba referido, por un período de vixencia que abranguerá dende a data da súa sinatura e ata o 31 de outubro de 2018.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto a realización dun estudo agregado macro e micro económico relacionado coas circunstancias socioeconómicas dos potenciais usuarios dos Centros Residenciais dependentes da Consellería, aos efectos de poder establecer os investimentos aos que deberá facer fronte a Consellería para poder abordar coa construción de 7 Residencias-“Plan como na Casa” (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela) ás necesidades de apoio, coidado e asistencia dos anciás das grandes cidades galegas e a súa área de influencia..

Que existindo converxencia de intereses entre as entidades asinantes, en orden á consecución do fin perseguido, actuarase consonte ao seguinte:

Primeiro – Na necesidade de establecer os mecanismos necesarios para o avance efectivo na ampliación da cobertura asistencial á poboación galega que se atopa en situación de dependencia, mediante un plan de investimentos a desenvolver no período 2017-2020 co obxectivo de mellorar a calidade de vida dese colectivo, especialmente vulnerable.

Segundo.- Na atención ao proceso de envellecemento das persoa, particularmente no eido urbano de Galicia tendo en conta que as súas sete grandes áreas urbanas, presentan unha menor cobertura de prazas residenciais, debido á maior poboación, que fai necesario a prestación destes servizos nesas contornas.

Terceiro – No desenvolvemento, para os sete novos centros residenciais, das solucións arquitectónicas mais axeitadas resultado dos actuais avances arquitectónicos e tecnolóxicos procurando as mais altas cotas de benestar e de calidade de vida dos residentes.

Carto.- Que existe un interese concorrente da Consellería e da Universidade de Santiago de Compostela en realizar unha serie de estudos que combinen como medida total económica e sociolóxica a posición económica e social individual e familiar dos potenciais usuarios dos centros residenciais dependentes da Consellería, baseada nos seus ingresos, situación familiar, situación económica e circunstancias psíquico-sensoriais.

Así pois a actuación que se propón realizar, pode materializarse mediante un acordo entre a Consellería de Política Social e a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Colaboración que esixe a formalización dun convenio de colaboración coa entidade que permita executar as actuacións precisas.





XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**

**Dirección Xeral de Maiores
e Persoas con Discapacidade**

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1 /2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de setembro de 2018.

A Directora Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,
Fabiola García Martínez.

